

BASES MÁSTER GALICIA HEAD TOUR 2024

- **Nº HOMOLOGACIÓN:** 912
- **DATAS:** Do 22 de novembro ao 1 de decembro de 2024.
 - **Formato:** Torneo de fin de semana.
- **CATEGORÍAS:** Alevín, infantil, cadete, junior (masculino e feminino)
- **SEDE:**
 - CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO
 - Dirección: Estrada das Plantas, 131, 36313 Vigo. (Pontevedra)
 - Teléfono: 986 279912
- **COMITÉ ORGANIZADOR:**
 - Federación Gallega de Tennis e C.C. Mercantil e Ind. de Vigo
- **DIRECTOR DEL TORNEO:**
 - Alejandro Soto Curto
- **XUÍZ ÁRBITRO:**
 - Carlos Coira Lojo.
- **XUÍZ ADXUNTO:** Marco A. Casal Costas.
- **XUÍCES ÁRBITROS ADXUNTOS/ITINERANTES:** Pendentes de designación.
- **CONTACTO:**
 - Email: torneos@fgtenis.net
 - Whatsapp: 667 688 432

- **INSCRIPCIÓNS:**

- Na web: www.ibertenis.com
- Prazo de inscrición:
 - Ata o xoves 14 de novembro.
- Cuota: 15€
- O pago da inscrición deberá facerse a través da pasarela de pago da páxina www.ibertenis.com no momento de realizar a inscrición. Non se admitirán outros formatos de pago.
- Sen ese abono, a inscrición non será válida e o xogador ou xogadora no se incluírá no sorteo.

- **CRITERIOS DE ACCESO:**

- Poderán participar os 8 xogadores e xogadoras con mellor ranking do Galicia Head Tour (cumplindo as condicións establecidas no regulamento). En caso de empate a puntos Head, o desempate farase segundo a clasificación nacional vixente o día do peche da inscrición.

- **SORTEO:**

- Data: Luns 18 de novembro
- Hora: 17:00h
- Lugar: Federación Gallega de Tenis.
- Se alguén desexa asistir ao sorteo debe avisar antes das 14:00h. no correo electrónico torneos@fgtenis.net.

- **SISTEMA DE COMPETICIÓNS:**

- Máster Head:
 - Sistema de xogo: Cadro eliminatório de 8 xogadores.
 - Sistema de puntuación: 2 sets + Supertiebreak

- **SUPERFICIE:**

- Resina Sintética

- **BOLA OFICIAL:** Head Tour.

- Os cadros, horarios e resultados publicaránse en: www.fgtenis.net e www.ibertenis.com

PREMIOS:

- Trofeos para campión e finalista de cada categoría.
- Medalla para semifinalistas e cuartofinalistas.
- Reparto dun total de 6.000€ en material deportivo:
 - Campións e campioas: 2 pares de zapatillas, 1 cordaje, 1 toalla.
 - Finalistas: 1 par de zapatillas, 1 cordaje, 1 toalla.
 - Semifinalistas: 1 cordaje, 1 toalla

PROGRAMACIÓN:

C.C. MERCANTIL E IND. DE VIGO		22/11/24	23/11/24	24/11/24	29/11/24	30/11/24	1/12/24
ALEVÍN	MASCULINO			1/4		SEMIS	FINAL
	FEMININO		1/4			SEMIS	FINAL
INFANTIL	MASCULINO			1/4		SEMIS	FINAL
	FEMININO		1/4			SEMIS	FINAL
CADETE	MASCULINO			1/4		SEMIS	FINAL
	FEMININO		1/4			SEMIS	FINAL
JUNIOR	MASCULINO			1/4		SEMIS	FINAL
	FEMININO		1/4			SEMIS	FINAL

- Os días 22 e 29 poderase programar partidos no caso de que a organización o considere necesario. Esta programación é unha previsión e non ten carácter definitivo, polo que pode modificarse en calquera momento se a organización o considera oportuno.


NORMATIVA:

1. A competición aplicará as **normas da R.F.E.T e do Circuíto Galicia Head Tour 2024**. É indispensable ter a licenza federativa en vigor para poder participar neste torneo.
2. **Datas e horarios:**
 - Terá a consideración de torneo de fin de semana, e só se disputarán partidos os venres, sábados e domingos.
 - Os venres laborais o horario de xogo será a partir das 16:00h e os días non laborables (sábados, domingos e festivos) os horarios de programación de partidos poderán ser de 10:00h. a 21:30h.
 - Os horarios non serán oficiais ata as 19:00h. do día anterior, polo que é imprescindible que o revisen a partir desa hora.
3. **Disponibilidade do xogador/a:** Cando un xogador ou xogadora se inscribe ao torneo, comprométese a estar disponible en todas as datas e horarios que corresponda a súa categoría.
4. Os xogadores poden apuntarse a todas as **categorías** nas que estean clasificados.
5. É responsabilidade dos xogadores revisar as **listas de aceptación** publicadas tralo peche da inscrición, así como os horarios de xogo.
6. Unha vez publicados os horarios non se farán modificacións agás por causas organizativas.
7. A organización resérvase o dereito de adxudicar as WC que correspondan segundo o regulamento técnico da RFET.
8. O xuíz árbitro ou os seus adxuntos poderán aplicar **W.O.** a todos os xogadores que non se presenten a xogar 10 minutos despois de ser chamados para entrar en pista.
9. **Incomparecencia xustificada:** Para que unha incomparecencia (W.O.) se poida considerar como xustificada, débese enviar un xustificante médico, ou, no seu defecto, cubrir o formulario de xustificación de WO no seguinte enlace: <https://forms.gle/UKGsmwmCVfx9QSoQ9>
O xuíz árbitro será o que decida se a causa da xustificación é motivo suficiente para consideralo W.O. Xustificado ou non.
10. **Notificación no caso de falta de asistencia:** Por cuestión de cortesía e respecto polo rival, calquera xogador ou xogadora que non poida disputar un partido, deberá notificalo ao xuíz árbitro coa suficiente antelación para poder avisar ao seu rival e evitarlle un desprazamento innecesario.
En caso de non avisar, exporase ás **sancións** establecidas no regulamento do circuíto.

11. **Instalacións de xogo:** Todos os partidos deberán xogarse no club organizador, agás que o xuíz árbitro entenda necesario desprazar algún partido a outro club para garantir o bo desenvolvemento do torneo.
12. **Vestimenta:** Os xogadores deben vestir en pista de forma regulamentaria (non poden levar camisetas con logos de máis de 26cm² e poden levar escudo/logo do club cun máximo de 39cm²) (ver anexo).
13. **Comportamento:** Os xogadores deben axustar o seu comportamento e o dos seus acompañantes ao código de conducta. Esixirase en todo momento o máximo respecto ao resto de xogadores, acompañantes, membros do equipo arbitral, socios, persoal e instalacións do club organizador.
14. **Entrega de premios:** Os xogadores deben asistir as entregas de trofeos para poder recibir tanto o trofeo como os regalos correspondentes ao máster. En caso de non asistir poderase expoñer ás sancións establecidas no regulamento do circuíto.
15. **Pistas e sistema de xogo:** O xuíz árbitro poderá modificar as pistas e/ou o sistema de xogo (segundo o regulamento técnico da RFET) por motivos meteorolóxicos ou organizativos.
16. Todas as cuestións non establecidas neste regulamento serán resoltas polo xuíz árbitro ou polos seus adxuntos/itinerantes. As súas decisións serán inapelables.

ANEXO: (reglamentación sobre a vestimenta)

El gráfico siguiente muestra las posibles identificaciones y tamaños permitidos.



CAMISETA REGULAMENTARIA



CAMISETA NON REGULAMENTARIA